



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 07 DE DECEMBRO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00055187E.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Extraordinaria e urxente de data 25.outubro.2021.
- Ordinaria de data 2.novembro.2021.
- Ordinaria de data 8.novembro.2021.
- Extraordinaria e urxente de data 11.novembro.2021 (celebrada ás 13:40 h.).
- Extraordinaria e urxente de data 11.novembro.2021 (celebrada ás 14:55 h.).
- Extraordinaria e urxente de data 12.novembro.2021.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2020/00002559A.

Licenza de parcelamento.

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 29/07/2021, outorgada ante o Notario don Marcelino Estevez Fernández, co número de protocolo mil cento e oito. Deberase presentar a escritura liquidada no prazo dun mes.

Segundo.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o documento presentado o 18/11/202, o parcelamento da finca sita en Lugar Pardiñas 44, Santiago de Compostela (A Coruña), nas seguintes parcelas de resultado

.- PARCELA RESULTADO 39-1. Lugar Pardiñas de Abaixo Parroquia Laraño. Superficie neta 1.699,00 m2s. Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais.

.- PARCELA RESULTADO 39-1-B. Lugar Pardiñas de Abaixo Parroquia Laraño. Superficie neta 1.245,00 m2s. Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais.

.- PARCELA RESULTADO 39-1-A. Lugar Pardiñas de Abaixo Parroquia Laraño Superficie neta 1.352,00 m2s. Solo Clasificado como Solo Rústico Categoría de Protección, en Ordenanza 18. De protección de infraestruturas.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/947/2015

Licenza obra maior.

Acórdase:

Primeiro.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe do arquitecto municipal de data 18/10/2021 para a rehabilitación de vivenda familiar entre medianeiras situada na Rúa San Lourenzo, 41 Santiago de Compostela (A Coruña).

Segundo.- Remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto con copia da solicitude de excepcionalidade e a documentación que achega.

Terceiro.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 23/04/2021, a rehabilitación de vivenda familiar entre medianeiras situada na Rúa San Lourenzo, 41 Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 116.197,00 €.

4. PLANEAMENTO. Referencia: 2021/00035053J.

Aprobación inicial da “Modificación puntual (MP) do plan parcial do SUP-1 (Romero Donallo) no ámbito dos quinteiros 1 e 2”.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar inicialmente a Modificación puntual do Plan parcial do SUP-1 (Romero Donallo) nos quinteiros 1 e 2, segundo o proxecto presentado por SANTIAGO SUR GALICIA S.L. o día 3.11.2021.

Segundo. En aplicación do procedemento regulados nos artigos 75.1.a) da Lei 2/2016 do solo de Galicia e 186.1.a) do seu Regulamento, a modificación inicialmente aprobada someterase a INFORMACIÓN PÚBLICA durante o prazo de DOUS MESES, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia. Simultaneamente practicarase notificación persoal aos titulares das parcelas afectadas segundo figuren no Catastro.

Durante o trámite de información pública solicitaranse os informes sectoriais preceptivos (Estradas do Estado, Patrimonio Cultural, Paisaxe e Augas de Galicia) A Modificación non suspende o outorgamento das licenzas nin dos actos suxeitos a comunicación previa que sexan conformes coa vixente normativa do plan parcial.

5. UNIDADE DE RÉXIME INTERIOR. Referencia: Informe Intervención 1422/2021.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda facturación emitida por AUTOS IGLESIAS, S.L. en concepto de alugamento de oito vehículos monovolumen para a Policía Local correspondente ao mes de outubro de 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación do gasto por importe de OITO MIL SEISCENTOS SESENTA E TRES EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS DE EURO (8.663,60 €), segundo relación contable de factura F/2021/5373 en concepto de alugamento de oito vehículos monovolumen para a Policía Local correspondente ao mes de outubro de 2021.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

6. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2021/00048365P.

Aprobación definitiva da subvención solicitada por C.PP. VILA DE RIANXO 6 correspondente á convocatoria de subvencións de data 19 de outubro de 2018 relativas ás Fases 7 (remanente de convocatoria 2016) e 8 da área de rehabilitación integral do barrio de Vista Alegre.

Acórdase:

- Aprobar definitivamente a subvención e recoñecer a obriga de pagamento en favor da Comunidade de propietarios, Vila de Rianxo, 6, con cargo á aplicación orzamentaria 050 15220 7800000/2021, polo importe de **115.573,86 euros**. A cantidade anterior distribuírase entre dezanove perceptores comuneiros que teñen acreditada a totalidade dos requisitos esixidos aos beneficiarios, e distribuíranse conforme a cota de participación de cada un deles.

-Remitir o presente acordo, xunto co expediente completo, aos Servizos Económicos Municipais para que, tras as necesarias comprobacións, o órgano competente ordene, se así o considera, o pagamento da obriga recoñecida no punto 1 deste acordo.

7. CONTRATACIÓN. Referencia: Corrección erros materiais no punto 26 dos asuntos da XGL do 17/08/2021.

Corrección dos erros observados na proposta de validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura expedida por Sistemas de Seguridade A-1, S.L.

Acórdase:

ONDE DI:

“PROPOSTA

....

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRECE MIL TRESCENTOS TRECE EUROS CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (13.313,53 €), segundo factura F/2021/ que se achega no expediente, ... ”

DEBE DICIR:

“PROPOSTA

....

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRECE MIL TRESCENTOS TRECE EUROS CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (13.313,53 €), segundo relación contable de facturas S/2021/131 que se achega no expediente, ... ”

ONDE DI:

“A Xunta de Goberno Local acorda:

....

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRECE MIL TRESCENTOS TRECE EUROS CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (13.313,53 €), segundo factura F/2021 que se achega no expediente, ... ”

DEBE DICIR:

“A Xunta de Goberno Local acorda:

....

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRECE MIL TRESCENTOS TRECE EUROS CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (13.313,53 €), segundo relación contable de facturas S/2021/131 que se achega no expediente, ... ”

8. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00052248G.

Dación de conta da sentenza recaída no RSU 3723/2021-DSP 21/2021 ditada polo Xulgado do Social núm. 4.

Dase conta da sentenza nº 4105/2021

Obxecto: despido nulo por vulneración da garantía de indemnidade, e indemnización correspondente. A sentenza é desfavorable para o Concello, recorreble en casación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer recurso de casación.
3. Remitir ao Servizo de Persoal para a súa execución.

9. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00055187E.

Dar conta das Resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas.

Dase conta das Resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas de datas 26 de novembro a 2 de decembro de 2021.

URXENCIAS

10. Continuidade servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por lexionela nas instalacións deportivas municipais (CON/59/2015)

Acórdase dar orde á empresa AGRONERGA S.L., adxudicataria do servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por lexionela nas instalacións deportivas municipais, para que a partir do 12 de decembro continúe a prestación do servizo nas mesmas condicións baixo as que o viña facendo de conformidade co contrato anterior e polo tempo imprescindible ata adxudicar un novo contrato.

11. Aprobación do expediente que ten por obxecto a licitación da Execución das obras de mellora no servizo da instalación de climatización e renovación de aire do Centro Sociocultural de Santa Marta a efectos de eficiencia enerxética e confort interior CON/31/2021.

Apróbase o expediente que ten por obxecto a licitación da *Execución das obras de mellora no servizo da instalación de climatización e renovación de aire do Centro Sociocultural de Santa Marta a efectos de eficiencia enerxética e confort interior* (CON/31/2021); e a apertura do procedemento de adxudicación e autorización do gasto por importe de 112.154,15 euros que se corresponde co Importe Base de Licitación (Base Imponible de 92.689,38 € e IVE 21% de 19.464,77 euros) e que se imputará á aplicación orzamentaria 040 33403 6230000 /2021 2 INCSC 18.

12. Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no procedemento PA 13/2020 CA1.

Dase conta da sentenza nº 355/2021.

Obxecto: Desestimación por silencio de reclamación de responsabilidade patrimonial por danos en vehículo ao inundarse garaxe

Contía reclamada: 5.698,13 euros.

A sentenza é parcialmente desfavorable aos intereses municipais xa que aínda que considera acreditada a relación de causalidade, reduce a contía da indemnización en 4.888,19 euros ao estimar que esta non pode ser superior ao valor da reparación acreditado. Á citada cantidade deberán engadírselle os intereses legais dende a data da reclamación en vía administrativa.

Custas: Impóñense ao concello

Contra dita sentenza non cabe interpoñer recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.

2. Remitila ao Departamento de Vicesecretaría para os efectos da súa execución.

13. Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no PA 298/2021 CA2.

Dase conta da sentenza nº 387/2021

Obxecto: Desestimación por silencio de reclamación de responsabilidade patrimonial por danos en local por fuga na rede de saneamento.

Contía reclamada: 396,61 euros

A sentenza é desfavorable aos intereses municipais xa que considera acreditada a relación de causalidade e a contía do dano. Á cantidade de 396,61 deberán engadírselle os intereses legais dende a data da reclamación en vía administrativa.

Custas: Impóñense ao concello

Contra dita sentenza non cabe interpoñer recurso ningún

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.

2. Remitila ao Departamento de Vicesecretaría para os efectos da súa execución.

14. Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no procedemento PA 111/2021 CA2.

Dase conta da sentenza nº 360/2021.

Obxecto: Contra decreto do 26.01.2021 que desestima reclamación de responsabilidade patrimonial por danos por caída en vía pública

Contía reclamada: 6.292 euros.

A sentenza é favorable aos intereses municipais xa que desestima a demanda na súa integridade ao non considerar acreditada a necesaria relación de causalidade.

Custas: Impóñense á demandante.

Contra dita sentenza non cabe interpoñer recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitila ao Departamento de Vicesecretaría para os efectos do seu coñecemento.